



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR OPOSICIÓN, EN QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA VACANTE DE PEÓN SERVIZO DE AUGAS, PERSOAL LABORAL FIXO

De conformidade co establecido nas bases que rexen o referido procedemento, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía núm. 8/2026, do 09/01/2026, pola que se procede á aprobación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, á designación do tribunal cualificador, á fixación da sesión constitutiva deste e á determinación do día, hora e lugar de realización do primeiro exercicio (test), sendo esta do seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR OPOSICIÓN, EN QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA VACANTE DE PEÓN SERVIZO DE AUGAS, PERSOAL LABORAL FIXO, DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR, FIXACIÓN DA SESIÓN CONSTITUTIVA DESTE E DETERMINACIÓN DE DÍA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

EXPEDIENTE: 2025/E001/000005

Con data 25/09/2025 e 02/10/2025 publicouse, respectivamente, no taboleiro de anuncios electrónico do concello e no Boletín Oficial da Provincia, núm. 188, a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de referencia.

De conformidade co previsto nas bases que rexen o procedemento concedeuse un prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación do referido anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que as persoas interesadas que o considerasen oportuno procedesen a “*subsana*”/emendar as deficiencias sinaladas ou presentar as alegacións que estimasen oportunas contra a citada listaxe provisional.

Transcorrido o prazo concedido e non téndose emendado pola única persoa aspirante excluída provisionalmente a/s deficiencia/s indicada/s na listaxe provisional e non téndose, ademais, presentado alegación algunha contra a citada listaxe no prazo outorgado ao efecto, é polo que esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto nas bases que rexen o procedemento selectivo,

RESOLVE,

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo, declarando expresamente a desistencia da participación no procedemento da persoa aspirante que figura como excluída:

Admitidas

APELIDOS E NOME	DNI
BLANCO PEREIRA, PABLO	***3008**
GARCÍA BLANCO, DIEGO	***2864**
LEMA BOTANA, IVÁN	***3554**
VILLAR RODRÍGUEZ, JOSÉ ROGELIO	***2422**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Excluída

APELIDOS E NOME	DNI
BERMÚDEZ VARELA, ADRIÁN	***4618**

Segundo.- Proceder á designación nominal dos membros, titulares e suplentes, do Tribunal Cualificador, que serán os seguintes:

PRESIDENTA	Titular	D ^a ANA MARÍA IGLESIAS GATO, interventora do concello de Malpica de Bergantiños.
	Suplente	D ^a PATRICIA COENCE ANTELO, tesoureira do concello de Malpica de Bergantiños.
VOGAIS	Titular	D. JOSÉ MANUEL CURES PENSADO, peón do servizo de augas do concello de Malpica de Bergantiños.
	Suplente	D. JOSÉ MANUEL VARELA REY, operario de servizos do concello de Malpica de Bergantiños.
	Titular	D. ALBERTO MANEIRO OGANDO, operario do servizo de augas do concello de Muxía.
	Suplente	D. JOSÉ NOYA SUÁREZ, técnico da oficina de augas do concello de Muxía.
	Titular	D. MANUEL VARELA MARIÑO, enxeñeiro superior do concello de Arteixo
	Suplente	D. MIGUEL FERNÁNDEZ TEMPRANO, enxeñeiro técnico industrial do concello de Arteixo.
SECRETARIA	Titular	D ^a M ^a LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, secretaria do concello de Malpica de Bergantiños ou persoa que legalmente a substitúa.
	Suplente	D ^a PAULA ESPERANZA RAMOS DÍAZ, secretaria do concello de Mugardos.

Terceiro.- Que a sesión constitutiva do Tribunal Cualificador se celebre o vindeiro día 16 de xaneiro de 2026, ás 10:00 horas, na Casa do Concello de Malpica de Bergantiños.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas o próximo día **5 de febreiro 2026 (xoves), ás 11:30 horas, no Centro de Artesanía Tradicional (A Camposa s/n, 15111-Buño)** para a realización da primeira proba do procedemento de selección, cuestionario tipo test.

Quinto.- Facer pública a presente Resolución, de conformidade coas bases que rexen o procedemento, mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/gl/informacion/>) e no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.- Indicar, de acordo con o disposto no artigo 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, que fronte a esta Resolución poderá interpoñerse a correspondente demanda perante o Tribunal de Instancia de A Coruña (sección do Social) no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Iso, sen prexuízo de exercitarse calquera outro que se estime procedente.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Sétimo.- Dar traslado da presente aos membros do Tribunal Cualificador.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

O alcalde,

Eduardo J Parga Veiga